

Política do sistema de xestión

Edición: 06/10/2023

Versión: 002

Revisión: 002 (14/07/2026)

imaxin

intelligence
in dialogue

1 Política do sistema de xestión

FACTORIA DE SOFTWARE E MULTIMEDIA, S.L. (**imaxin**) é unha organización cuxa actividade se centra no desenvolvemento, no mantemento e na explotación de software especializado en intelixencia artificial (procesamento da linguaxe natural: tradución automática, correctores ortográficos e gramaticais) e de aplicacións de administración de colexios profesionais, todo iso desde a infraestrutura cloud de **imaxin**.

imaxin define como Política xeral ofrecer servizos que satisfagan plenamente os clientes, cun firme compromiso co mantemento da confidencialidade, da integridade, da dispoñibilidade, da autenticidade e da rastrexabilidade da información, sempre en estrito cumprimento dos requisitos legais e regulamentarios vixentes, así como doutros que a organización subscriba.

A Dirección promove o mantemento e a mellora continua dun Sistema de Xestión da Seguridade da Información (baseado na Norma ISO 27001 e no RD 311/2022 do Esquema Nacional de Seguridade) poñendo en xogo todos os recursos que considere necesarios para o fortalecemento destas bases e para a consecución dos obxectivos.

Desde a Dirección promóvese a redución ou a eliminación dos riscos ou dos efectos sobre a actividade de **imaxin** que puidesen derivarse de eventuais fallos de seguridade, tendo en conta as consecuencias dunha perda de confidencialidade, integridade, dispoñibilidade, autenticidade e rastrexabilidade dos activos existentes.

Para alcanzar estes principios básicos, a Dirección formula anualmente obxectivos de Seguridade da Información e efectúa o seguimento destes, verifica o seu cumprimento e establece as medidas necesarias no caso de que o devandito cumprimento se vexa ameazado.

A Política do Sistema de Xestión difúndese a todas as partes interesadas a través da páxina web da organización (www.imaxin.com/gl).

Revisada e aprobada por

D. Diego Vázquez
Dirección

En Santiago de Compostela a 6 de outubro de 2023

The background of the entire page is an abstract pattern of black and gray squares of various sizes, creating a pixelated or mosaic effect.

imaxin

Salgueiriños de abaixo nº11 L6
15703 Santiago de Compostela
981 554 068

www.imaxin.com
imaxin@imaxin.com